

Es ben gobernanta, sabíalo?

Unha das cuestións teóricas máis debatidas no ámbito da lingüística fala da distinción entre o descritivismo e o prescritivismo e a perspectiva que as persoas que se dedican ao estudo das linguas deben adoptar. Neste esquema rixido, dun binarismo excluyente sempre da posibilidade de se integraren diferentes visións, gaña, sen ningunha dúbida, a defensa académico-científica do carácter descritivo da ciencia a que nos referimos. Que a lingüística é unha disciplina descritiva e non prescritiva é unha das cuestións que aprende o estudantado universitario, ao que non se lle dá, pola contra, a posibilidade de recoñecer que tanto o prescritivismo como o antiprescritivismo realizan xuízos de valor sobre as linguas, defenden nocións sobre o seu funcionamento e invocan (ou evocan) normas. Non esquezamos que a capacidade humana de adquirir e usar a linguaxe precisa actualizarse a través das relacións sociais.

Poucas son as persoas especialistas que se atreven a contemplar a prescrición como unha necesidade das linguas para se construíren e, case sempre, estas análises aparecen ligadas ás marxes do sistema, por se centraren en ámbitos específicos que precisan unha especial protección para se desenvolveren ou mesmo para subsistir. Pensemos en persoas e estudos que poden parecer tan distantes como unha Deborah Cameron no ámbito da lingüística (pre)ocupada do xénero ou un Xosé Ramón Freixeiro Mato nas súas análises e nas súas propostas gramaticais para unha lingua en proceso de normalización como o galego cun estándar que non posúe aínda unha fonda identificación de todas as persoas que o falan. Acreditamos nas posibilidades da suxestión prescritivista como maneira de abordar realidades vulnerábeis ou problemáticas. No caso galego, é esa a opción que permite garantir o emprego do infinitivo flexionado, absolutamente en retroceso de enviar mensaxes que recollen o seu uso e dan por boa tanto a súa presenza como a súa ausencia en determinados contextos. Coido que nin Deborah Cameron nin Xosé Ramón Freixeiro Mato pretenden converterse en autoridades académicas e obrigar a ninguén a usar sistematicamente as súas propostas ou a asumir as súas reflexións. Tratan de nos faceren evidentes modelos de lingua, trazos incómodos, pouco frecuentes na praxe cotiá, mais con fortes potencialidades estilísticas, creadoras, evocativas, provocadoras.

Moitas das propostas realizadas polo feminismo tiñan xustamente como obxectivo non seren usadas masivamente senón reclamar a atención sobre a inexistencia de conceptos ligados a sensacións femininas ou denunciar a discriminación das mulleres, tamén a través da lingua. O mesmo acontece cunha utilización do concepto prescritivismo para recuperamos tantos trazos

de noso esquecidos ou afastados da nosa praxe lingüística cotiá. Que en galego poidamos dicir “Fai o que che eu digo” é algo que moitas persoas galegofalantes actuais non recoñecerían, a pesar de ser esta fórmula empregada polas súas avoas nun tipo de linguaxe que non pasou á escrita e non constituíu norma. Que ese sexa o mesmo esquema sintáctico que o de “Se o vós por ben teverdes” -no verso de Afonso X que o profesor Sánchez Rei utiliza para titular o seu traballo sobre este fenómeno gramatical denominado interpolación-, pode coadxuvar a lle dar un prestixio a unha variante coloquial hoxe infravalorada e rexeitada como formante do estándar concibido rixidamente. Obríganos a reflexión de Freixeiro Mato sobre este fenómeno a empregarmos a interpolación sintáctica cada tres frases? Elimina da nosa actuación lingüística outras fórmulas? Pois non. Xustamente do que se trata, lonxe do encapsulamento normativo, é de ampliar as nosas posibilidades de coñecemento a través dunha visita a outras fontes diferentes, moitas delas orais, populares, vivas aínda. Fronte á unidireccionalidade normativa que parece estar detrás dalgúns traballos prescritivistas, podemos tamén achar neles fórmulas renovadoras, revitalizadoras das linguas que conseguen que as persoas falantes se identifiquen máis con elas. A principal pretensión dos estudos de Cameron e de Freixeiro é situar os usos lingüísticos no centro do debate e facernos conscientes da nosa actuación. E velaí radica a relevancia deste feito para quen non pretenda reproducir mecanicamente o sistema, para toda aquela persoa que acredite na transformación. Neste xogo de intencións, poderíase pensar que a linguaxe non serve eses propósitos. O feminismo (o activismo feminista e o pensamento feminista) defendeu, desde a nosa perspectiva, ser esta última opinión interesada e, cando menos, demostrou que a linguaxe pode servir á perpetuación de moitas formas de discriminación e que pagaba a pena traballar sobre ela para nos liberar daquilo que non desexamos transmitir.

Porén, mesmo desde o centro do que se xulga o sistema central, isto é, da lingüística descritiva, existen realizacións habituais que consolidan usos dun feminino que as persoas falantes (mulleres en numerosas ocasións) dan por válidas quer por seren expresivas quer por seren máis precisas. A ninguén nos chama a atención o feito de escoitarmos un feminino tan consolidado como ‘gubernanta’ (que nos dicionarios aparece recollido como substantivo feminino para se referir á muller que se encarga do servizo e da limpeza dun hotel) nin a duplicidade que se introduce, cando menos nunha pregunta que tenta afondar máis na conversa ao insistir: «e tes nenas e nenos, ou só nenos?». A lingua non foxe das duplicidades nin das matizacións e vólvese requintada se o así dispuxermos.

Mais tamén é unha realidade a consolidación do combate pola visibilización do feminino, en diferentes graos e en distintas formas. Se hoxe está admitido “gubernanta”, moitas das nosas avoas podían dicir, nun modelo popular tradicional almirantas, comandantas ou axudantas. Que eses

femininos tivesen ás veces significados pexorativos débese ao carácter episódico con que as mulleres cumprían esas funcións dentro dunha sociedade mais non ás limitacións dos paradigmas morfolóxicos correspondentes.

Na actualidade, o saber científico ten que dar conta da realidade lingüística de todas aquelas persoas que non se queren construír no molde que recibiron e que levan décadas elaborando unha tradición disidente mais existente. As guías, as propostas de recomendación, os artigos sobre o tema..., non van por diante da sociedade (oxalá acontecese iso!). Isto faise especialmente significativo no ámbito universitario, que debería situarse á vangarda nas propostas de intervención social. Cando unha institución decide elaborar unha guía, un libro de recomendacións, existe xa un uso moi xeneralizado nalgúns sectores que mesmo en ocasións se pretende reconducir para conseguir incluír nos moldes da gramática da Academia. O máis importante non é a solución, non é o resultado, sobre o que podemos debater, e mesmo non concordar; o relevante é a interrogación sobre os problemas, o feito de os considerarmos como tales. E iso é parte da responsabilidade da institución universitaria. Seica non existe a liberdade para nos reescribirmos? Seica as academias pretenden rematar coa creatividade dos mesmos autores que as encheron historicamente?

Non esquezamos que é estraña esa práctica que nos obriga a observar dous termos 'día' detrás da palabra 'día', o típico exemplo do termo non marcado. 'Día' 1 refírese a unha porción temporal de doce horas oposto a 'noite', mais tamén existe 'día' 2, referido a vinte e catro horas e que inclúe a noite. Este 'día' 2 é un sinónimo, daquela, de 'xornada', 'xeira'. Esa dicotomía, tan similar a outras que acontecen na historia da lingua e de que a persoa falante pode non ser consciente -como a que diferencia a homonimia da polisemia-, queren aplicala algúns á oposición 'home'/'muller' (termo non marcado o primeiro/ termo marcado o segundo) sen se decatarse de que as mulleres posúen dereitos que inclúen a capacidade de se rebelaren e de esixiren mudanzas.

Volvamos, pois, ao comezo: en oposición coa idea de deixarmos a linguaxe soa, concibida como algo independente das persoas que a falan (como acontece no título de Hall Leave Your Language Alone), que non deben xulgalas nin valoralas, que só as reciben e transmiten dun xeito neutro e aséptico, o feminismo propón a formación de seres falantes conscientes e críticos que examinan o que din e que se constrúen na lingua, mesmo con dereito a equivocarse.

Goretti Sanmartín Rei